

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código   | Centro                | Concello       | Ano académico |
|----------|-----------------------|----------------|---------------|
| 36020313 | IES de Ponte Caldelas | Ponte Caldelas | 2024/2025     |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza                        | Nome da área/materia/ámbito | Curso  | Sesións semanais | Sesións anuais |
|----------------------------------|-----------------------------|--------|------------------|----------------|
| Educación secundaria obligatoria | Educación Dixital           | 3º ESO | 3                | 105            |

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

| <b>Contido</b>  | <b>Páxina</b> |
|---|---------------|
| 1. Introdución  | 3             |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias                                  | 3             |
| 3.1. Relación de unidades didácticas  | 4             |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas   | 4             |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas  | 8             |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos  | 9             |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial   | 9             |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación  | 10            |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes                     | 10            |
| 6. Medidas de atención á diversidade  | 11            |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais  | 11            |
| 7.2. Actividades complementarias  | 13            |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro | 13            |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora                                    | 14            |
| 9. Outros apartados   | 14            |

## 1. Introdución

A educación dixital desenvolve un papel fundamental na sociedade actual porque proporciona un conxunto de coñecementos e de técnicas que permiten satisfacer as necesidades individuais e colectivas. Neste sentido, esta materia achégalle ao currículo a capacidade de analizar e redeseñar a relación entre os dispositivos tecnolóxicos e as necesidades sociais. Na resolución de problemas con ferramentas dixitais conxúganse, ademais da innovación, elementos como o traballo en equipo ou o carácter emprendedor, que son imprescindibles para formar unha cidadanía autónoma e competente. Ademais, o coñecemento das tecnoloxías da información proporciona unha imprescindible perspectiva científico-tecnolóxica sobre a necesidade de construír unha sociedade formada por unha cidadanía crítica con respecto ao que acontece arredor dela.

Como noutras materias que tratan aspectos tecnolóxicos, nesta intégranse coñecementos de carácter matemático e científico, ademais de que é frecuente que as ferramentas dixitais se utilicen para resolver problemas específicos doutras disciplinas. Polo tanto, un enfoque interdisciplinar favorecerá a conexión con outras materias e mesmo con diversos temas de actualidade.

Esta materia ofrece un inmenso potencial para axudar a comprender o contorno social e para desenvolver un conxunto de competencias relacionadas tanto co contexto profesional como coas formas que a participación cidadá está a adoptar no contexto da dixitalización e que afectan por igual os ámbitos social e do desenvolvemento persoal.

É de aplicación para o deseño desta programación a normativa para a Educación Secundaria na Comunidade Autónoma de Galicia vixente neste curso.

En 3º da ESO, o centro conta cun total de 52 estudiantes distribuidos en tres grupos A, B e C contando cada grupo entre 18 e 17 alumnos/as. Na materia de Educación Dixital están matriculados 18 estudiantes que pertencen aos grupos A e B, deles 4 estudiantes repiten curso.

Tanto as características e contorna do centro como as características do alumnado se tiveron en conta á hora de crear os principios metodolóxicos.

As instalacións do centro serán útiles para o desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe, dispoñendo de ordenadores en varias aulas de informática para o uso de ferramentas dixitais. As aulas tamén contan con encerados dixitais para apoiar o traballo diario na aula.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos   | CCL | CP  | STEM | CD    | CPSAA | CC      | CE | CCEC |
|--|-----|-----|------|-------|-------|---------|----|------|
| OBX1 - Utilizar dispositivos dixitais, identificando os elementos que os compoñen e a súa función no conxunto, configurando as súas características en función das necesidades persoais e mediante diferentes medios dixitais para poder organizar a información dun xeito eficaz. |     |     |      | 2     |       |         | 3  |      |
| OBX2 - Organizar, deseñar e producir información dixital de forma individual e colectiva utilizando as ferramentas más adecuadas para a súa publicación e difusión facendo un uso responsable e ético das tecnoloxías aplicadas.   | 3   | 2-3 | 4    | 1-2-3 | 3-4   | 1-2-3-4 | 3  | 4    |
| OBX3 - Desenvolver algoritmos e aplicacións informáticas en distintas contornas, aplicando os principios do pensamento computacional para crear solucións a problemas concretos cunha actitude emprendedora, perseverante e creativa.  |     |     |      | 5     | 5     |         |    |      |

| <b>Obxectivos</b>   | <b>CCL</b> | <b>CP</b> | <b>STEM</b> | <b>CD</b> | <b>CPSAA</b> | <b>CC</b> | <b>CE</b> | <b>CCEC</b> |
|---|------------|-----------|-------------|-----------|--------------|-----------|-----------|-------------|
| OBX4 - Xestionar e protexer a pegada dixital aplicando medidas preventivas para identificar e reaccionar ante riscos e ameazas ao benestar persoal, facendo un uso responsable e ético da información e a comunicación dixital. | 2          | 3         | 5           | 3-4       | 1-2-5        | 2-3       | 1         |             |

**Descripción:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| <b>UD</b> | <b>Título</b>  | <b>Descripción</b>   | <b>% Peso materia</b> | <b>Nº sesiones</b> | <b>1º trim.</b> | <b>2º trim.</b> | <b>3º trim.</b> |
|-----------|--|--|-----------------------|--------------------|-----------------|-----------------|-----------------|
| 1         | Dispositivos dixitais e sistemas operativos. Arquitectura de computadores. | Configuración de dispositivos dixitais e sistemas operativos, organización da información. Elementos dun computador.         | 14                    | 14                 | X               |                 |                 |
| 2         | Creación e edición de imaxe dixital.                                       | Tratamento da imaxe dixital e deseño gráfico   | 14                    | 14                 |                 | X               |                 |
| 3         | Creación e edición de documentos de texto.                                 | Tratamento de textos. Aplicacións de estilos e formatos. Índices interactivos.   | 14                    | 13                 | X               |                 |                 |
| 4         | Creación e edición de de follas de cálculo.                                | Follas de cálculo, gráficos e informes. Operacións básicas e gráficos.   | 14                    | 14                 | X               |                 |                 |
| 5         | Creación e edición de presentacións dixitais.                              | Presentacións dixitais con elementos multimedia.   | 14                    | 14                 |                 | X               |                 |
| 6         | Creación e publicación de contidos na rede.                                | Colaboración en rede. Ferramentas de creación de contidos. Plataformas dixitais.   | 10                    | 11                 |                 | X               |                 |
| 7         | Pensamento computacional: programación.                                    | Programación, desenvolvemento de programas e aplicacións con programación gráfica. Algoritmos e diagramas de fluxo sinxelos. | 12                    | 15                 |                 |                 | X               |
| 8         | Ética e seguridade dixital.  | A pegada dixital e seguridade na rede. Protección dos dereitos de autor.   | 8                     | 10                 |                 |                 | X               |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b>  | <b>Duración</b> |
|-----------|--|-----------------|
| 1         | Dispositivos dixitais e sistemas operativos. Arquitectura de computadores. | 14              |

| <b>Criterios de avaliación</b> | <b>Mínimos de consecución</b> | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|
|                                |                               |           |          |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución  | IA | %  |
|---|---|----|----|
| CA1.1 - Utilizar equipamentos informáticos, identificando os elementos que os configuran e a súa función no conxunto.                   | Identificar os elementos que configuran un equipamento informático e a súa función no conxunto. | PE | 50 |
| CA1.2 - Manter sistemas operativos, configurando as súas características en función das súas necesidades persoais.                      | Configurar un sistema operativo en función das súas necesidades persoais.                       | TI | 50 |
| CA1.3 - Organizar a información de maneira segura, utilizando diferentes medios dixitais para a procura rápida e eficaz na súa xestión. | Organizar a información de maneira segura e eficaz.   |    |    |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos   |  |
|--|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Arquitectura de computadores: elementos, montaxe e configuración.</li> <li>- Sistemas operativos: configuración de usuario e operacións básicas de organización.</li> <li>- Almacenamento da información: operacións básicas de organización e copias de seguridade.</li> </ul> |  |

| UD | Título da UD                         | Duración |
|----|--------------------------------------|----------|
| 2  | Creación e edición de imaxe dixital. | 14       |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución   | IA | %   |
|---|--|----|-----|
| CA2.1 - Crear, integrar e reelaborar contidos dixitais de forma individual ou colectiva, seleccionando as ferramentas más apropiadas para xerar novo coñecemento e contidos dixitais de maneira creativa. | Identificar os formatos de arquivos máis utilizados e realizar tratamento básico de imaxe dixital. | PE | 100 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos  |  |
|---|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Formatos de arquivos. Formatos abertos. Estándares de formato na producción de información dixital.</li> <li>- Procesos de producción de documentos con aplicacións ofimáticas e de deseño gráfico. Maquetación, aplicación de estilos e formatos. Índices interactivos. Importación de imaxes e gráficos.</li> <li>- Tratamento básico da imaxe dixital.</li> </ul> |  |

| UD | Título da UD                               | Duración |
|----|--|----------|
| 3  | Creación e edición de documentos de texto. | 13       |

| Criterios de evaluación   | Mínimos de consecución   | IA | %   |
|---|--|----|-----|
| CA2.1 - Crear, integrar e reelaborar contidos dixitais de forma individual ou colectiva, seleccionando as ferramentas más apropiadas para xerar novo coñecemento e contidos dixitais de maneira creativa. | Producir documentos con aplicacóns ofimáticas, incorporando gráficos, aplicando estilos e formatos e índices interactivos. | PE | 100 |

Lenda: IA: Instrumento de Evaluación, %: Peso orientativo; PE: Prueba escrita, TI: Tabla de indicadores

| Contidos   |
|--|
| - Formatos de archivos. Formatos abiertos. Estándares de formato na producción de información digital.   |
| - Procesos de producción de documentos con aplicacóns ofimáticas e de deseño gráfico. Maquetación, aplicación de estilos e formatos. Índices interactivos. Importación de imaxes e gráficos. |

| UD | Título da UD                             | Duración |
|----|--|----------|
| 4  | Creación e edición de folhas de cálculo. | 14       |

| Criterios de evaluación   | Mínimos de consecución   | IA | %   |
|---|--|----|-----|
| CA2.1 - Crear, integrar e reelaborar contidos dixitais de forma individual ou colectiva, seleccionando as ferramentas más apropiadas para xerar novo coñecemento e contidos dixitais de maneira creativa. | Realizar operacóns básicas en folhas de cálculo. Crear gráficos. | PE | 100 |

Lenda: IA: Instrumento de Evaluación, %: Peso orientativo; PE: Prueba escrita, TI: Tabla de indicadores

| Contidos   |
|--|
| - Formatos de archivos. Formatos abiertos. Estándares de formato na producción de información digital. |
| - Operacóns básicas en folhas de cálculo. Creación de gráficos. Elaboración de informes sencillos.     |

| UD | Título da UD                                  | Duración |
|----|---|----------|
| 5  | Creación e edición de presentacóns digitales. | 14       |

| Criterios de evaluación | Mínimos de consecución | IA | % |
|-------------------------|------------------------|----|---|
|                         |                        |    |   |

| Criterios de evaluación   | Mínimos de consecución   | IA | %   |
|---|--|----|-----|
| CA2.1 - Crear, integrar e reelaborar contidos dixitais de forma individual ou colectiva, seleccionando as ferramentas más apropiadas para xerar novo coñecemento e contidos dixitais de maneira creativa. | Crear presentacións dixitais, integrando elementos multimedia. | TI | 100 |

Lenda: IA: Instrumento de Evaluación, %: Peso orientativo; PE: Prueba escrita, TI: Tabla de indicadores

| Contidos   |
|--|
| - Formatos de archivos. Formatos abiertos. Estándares de formato na producción de información digital. |
| - Presentacións en distintas plataformas dixitais, integrando elementos multimedia.                    |

| UD | Título da UD                                | Duración |
|----|---|----------|
| 6  | Creación e publicación de contidos na rede. | 11       |

| Criterios de evaluación  | Mínimos de consecución                 | IA | %   |
|--|--|----|-----|
| CA2.2 - Interactuar en plataformas dixitais, compartindo e publicando información e datos, cunha actitude participativa. | Compartir e publicar contidos na Rede. | TI | 100 |

Lenda: IA: Instrumento de Evaluación, %: Peso orientativo; PE: Prueba escrita, TI: Tabla de indicadores

| Contidos  |
|---|
| - Colaboración en rede. Ferramentas de creación de contidos e aprendizaxe colaborativa na Rede. |

| UD | Título da UD                            | Duración |
|----|---|----------|
| 7  | Pensamento computacional: programación. | 15       |

| Criterios de evaluación  | Mínimos de consecución  | IA | %   |
|--|---|----|-----|
| CA3.1 - Comprender o fundamento básico dos algoritmos e diagramas de fluxo utilizando contornas de programación gráfica.   | Utilizar unha contorna de programación gráfica.                             | TI | 100 |
| CA3.2 - Desenvolver aplicacións sinxelas para computadores, dispositivos ou móveis, dando solución a problemas definidos cunha actitude emprendedora, perseverante e creativa. | Desenvolver aplicacións sinxelas para computadores, dispositivos ou móveis. |    |     |

Lenda: IA: Instrumento de Evaluación, %: Peso orientativo; PE: Prueba escrita, TI: Tabla de indicadores

## Contidos

- Utilización de estruturas básicas de programación.
- Uso de datos. Constantes e variables.
- Desenvolvemento de aplicacíons sinxelas para computadores e/ou dispositivos móbiles mediante contornas de programación gráfica.

| UD | Título da UD                | Duración |
|----|-----------------------------|----------|
| 8  | Ética e seguridade dixital. | 10       |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución  | IA | %  |
|--|---|----|----|
| CA4.4 - Valorar a importancia da protección dos dereitos de autoría, utilizando aplicacíons, datos e creacións dixitais de terceiros de xeito ético, respectando as licenzas de utilización. | Usar recursos e contidos de dominio público ou con licenzas que permitan o seu uso. | PE | 15 |
| CA4.1 - Protexer os datos persoais e a pegada dixital xerada en Internet, configurando as condicións de privacidade das redes sociais e en espazos virtuais de traballo.                     | Protexer os datos persoais e a pegada dixital xerada en Internet.                   | TI | 85 |
| CA4.2 - Xestionar contrasinais nos distintos servizos e dispositivos dixitais de uso habitual.   | Xestionar contrasinais.   |    |    |
| CA4.3 - Identificar e saber reaccionar ante situacíons que representan unha ameaza na rede escollendo a mellor solución entre diversas opcións e valorando o benestar persoal e colectivo.   | Identificar situacíons que representan unha ameaza na rede.                         |    |    |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Seguridade de dispositivos. Xestión de contrasinais.
- Recursos para a protección da información e datos persoais, da identidade e dos contidos dixitais. Configuración en espazos virtuais de traballo.
- Seguridade na saúde física e mental: aplicacíons ou medidas que deben adoptarse fronte aos riscos e ameazas ao benestar persoal. Opcións de resposta. Situacíons de violencia e de risco na Rede.
- Uso de recursos e contidos de dominio público ou con licenzas que permitan o seu uso.

## 4.1. Concrecións metodolóxicas

A materia debe afrontarse cunha metodoloxía eminentemente práctica e cun enfoque competencial do currículo que potencie a aprendizaxe significativa do alumnado. Utilizarase unha metodoloxía activa con traballos prácticos, para coñecer e configurar os distintos dispositivos dixitais de uso cotián, que permitan mellorar as destrezas para escollear e utilizar as ferramentas más axeitadas para producir documentos dixitais de diversos tipos e sempre respectando as licenzas e dereitos de autor.

O eixe vertebrador será a realización de proxectos ou prácticas dixitais con metodoloxías que fomenten a resolución colaborativa e creativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade, promovendo a participación do alumnado cunha visión integral da disciplina.

Durante a realización dos proxectos ou prácticas, o alumnado terá a oportunidade de levar a cabo determinadas tarefas mentres explora, descobre, experimenta, aplica e reflexiona sobre o que fai, o que favorecerá a súa implicación no proceso de aprendizaxe e fará que este sexa más significativo e duradeiro.

O desenvolvemento de proxectos ou prácticas que teñan por obxectivo a creación de aplicacións sinxelas que resolván problemas, afondarán no coñecemento do pensamento computacional.

A difusión dos contidos dixitais creados en plataformas dixitais, promoverá a liberdade de expresión o respecto polos demás e aplicando as normas da etiqueta dixital.

Promoverase a participación do alumnado, resaltando o traballo colectivo como forma de afrontar os desafíos e os retos que propón a nosa sociedade para reducir as fendas dixital e de xénero, prestando especial atención á desaparición de estereotipos que dificultan a adquisición de competencias en condicións de igualdade.

Utilizaranse estratexias que promovan un uso eficiente, seguro e ético de diferentes aplicacións dixitais para diversas funcións como o deseño, a simulación e a comunicación e difusión de ideas ou solucións.

Utilizaranse distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe e a diversidade do alumnado, que favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e que promovan o traballo en equipo, guiando o alumnado desde proxectos sinxelos ata proxectos máis complexos que permitan o seu logro e satisfacción por parte do devandito alumnado poñendo en práctica, se fose necesario, mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| <b>Denominación</b>  |
|--|
| Ordenador persoal - dispositivos dixitais  |
| Software de uso xeral (sistema operativo, ofimática,...) e de uso específico (editores de arquivos audiovisuais, simuladores, entornos de programación...). En todo caso e salvo que non sexa posible, utilizarase software libre. |
| Materiais e recursos de creación propia e recursos educativos abertos.   |
| Aula virtual do centro.  |

Cada alumno/a tendrá acceso en todas as clases a un ordenador, no que se atopen instalados todos os programas informáticos necesarios e terá tamén conexión de Internet. Tamén cada alumno/a terá acceso aos dispositivos dixitais necesarios para o seguimento das unidades didácticas propostas.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Realizaráse unha pequena proba práctica no ordenador ou proba escrita ao comienzo, para avaliar os coñecementos básicos relacionados coa competencia dixital. Ademais, teranse en conta os datos aportados polo Departamento de Orientación, e a información obtida nas sesións de avaliación inicial.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica             | UD 1      | UD 2      | UD 3      | UD 4      | UD 5      | UD 6      | UD 7      | UD 8     | Total      |
|-------------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|----------|------------|
| <b>Peso UD/<br/>Tipo Ins.</b> | <b>14</b> | <b>14</b> | <b>14</b> | <b>14</b> | <b>14</b> | <b>10</b> | <b>12</b> | <b>8</b> | <b>100</b> |
| <b>Proba escrita</b>          | 50        | 100       | 100       | 100       | 0         | 0         | 0         | 15       | <b>50</b>  |
| <b>Táboa de indicadores</b>   | 50        | 0         | 0         | 0         | 100       | 100       | 100       | 85       | <b>50</b>  |

### Criterios de cualificación:

#### CONCRECIÓN DOS PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Procedemento de Avaliación: tarefas de clase, que consisten principalmente en prácticas de manexo de software (podendo incluír tamén outros traballos prácticos).Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores. Peso no total en cada UD: 50%

Procedemento de Avaliación: proba de manexo de software. Instrumento de Avaliación: proba escrita. Peso no total en cada UD: 50%

#### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A cualificación de cada unha das 3 evaluacións do curso, virá dada pola media ponderada das cualificacións das prácticas ou probas das unidades didácticas desenvolvidas na avaliação. A ponderación establecerase en base aos pesos otorgados a cada unidade didáctica no apartado 3.1 desta programación.

Unha avaliação considerárase aprobada cando esa súa nota media ponderada sexa dun 5.

A calificación final do curso virá dada pola media ponderada das cualificacións de cada unha das 3 evaluacións do curso. A ponderación establecerase en base aos pesos otorgados a cada unidade didáctica no apartado 3.1 desta programación.

A materia considerárase aprobada cando esa nota media ponderada final sexa dun 5.

#### Cálculo da nota final:

Nota final = (nota da 1ª avaliação + nota da 2ª avaliação + nota da 3ª avaliação)/3

### Criterios de recuperación:

A recuperación realizarase por cada unidade didáctica ao longo do curso, mediante traballos e tarefas, principalmente prácticas de manexo de software, que o alumnado deberá entregar dentro dun prazo establecido para ser cualificadas polo profesorado. A nota final calcularase tendo en conta estas novas cualificacións e seguindo o procedemento establecido. Aínda así, nas 3 últimas semanas do curso, o alumnado que o precise, deberá realizar tarefas e probas obxectivas de recuperación no ordenador daquelas unidades didácticas ou avaliações que non superase no seu momento.

O alumnado que na primeira semana de xuño teña acadado unha cualificación de 5 ou máis de 5 na media ponderada das tres evaluacións, poderá realizar actividades de reforzo e ampliación que lle permitirán subir a súa cualificación nalgúnha das unidades didácticas do curso. Neste caso a cualificación final será recalculada seguindo o mesmo criterio que anteriormente.

## 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliação das materias pendentes

O alumnado que curse 4º de ESO pero teña a materia de Educación Dixital de 3º ESO pendente de superar, ao non tela superado no ano anterior deberán de realizar as seguintes actividades :

- Realizar a entrega periódica de actividades relativas ás unidades didácticas do curso.
  - Facer unha proba obxectiva en cada avaliação. As datas serán informadas coa suficiente antelación.
- A materia do curso distribúese en tres partes, unha para cada avaliação parcial.

#### CRITERIO DAS CUALIFICACIÓN DAS AVALIACIÓN PARCIAIS

1<sup>a</sup> Avaliación: 40% proba obxectiva + 60% actividades

2<sup>a</sup> Avaliación: 40% proba obxectiva + 60% actividades

3<sup>a</sup> Avaliación: 40% proba obxectiva + 60% actividades

#### CRITERIO DA CUALIFICACIÓN FINAL

A cualificación final do curso virá dada pola media aritmética das cualificacións de cada unha das 3 avaliacións parciais.

#### RECUPERACIÓN DAS PARTES SUSPENSAS

Ao longo do curso o alumnado poderá entregar de novo, e dentro dun prazo establecido, aqueles traballos que non teña superado. Asimesmo terá a oportunidade de recuperar os exames suspensos.

As notas das avaliacións parciais recalcularánse tendo en conta as cualificacións das recuperacións.

A nota final calculárase tendo en conta as cualificacións das recuperacións de ser o caso.

A recuperación será coordinada pola xefatura de departamento. O profesor/a que lle imparte clase no curso onde estea matriculado fará un seguimento do traballo do alumno/a. No caso de que non estea a cursar ningunha materia do departamento, será o xefe ou xefa de departamento quen faga o seguimento.

## 6. Medidas de atención á diversidade

A diversidade de alumnado que nos atopamos nas aulas débese a diferentes razóns como son as seguintes: as formas de aprender, os ritmos de aprendizaxe e de traballo, a motivación, a capacidade intelectual, a capacidade de dispersión, a madureza, a diversidade cultural, a incorporación tardía ao sistema educativo, os coñecementos previos e o nivel sociocultural. Isto dará lugar á utilización de diversos mecanismos de apoio e reforzo. No caso de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE), estableceranse as medidas de reforzo necesarias para favorecer a súa aprendizaxe como a comunicación periódica á familia para mellorar a disposición e responsabilidade da/o alumna/o, materiais adaptados de reforzo, adaptación individual de espazos, tempos..., ou a adaptación de instrumentos ou procedimentos de avaliación.

Unha vez realizada a avaliación inicial e ante as dificultades individuais ou grupais detectadas poderase adecuar ou graduar o nivel de dificultade das actividades e prestar unha atención máis individualizada a aqueles alumnos/as que amosen más carencias á hora de asimilación de contidos.

No caso do alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso, seguirase o establecido no plan específico personalizado elaborado polo equipo docente baixo a coordinación do profesorado titor.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

|   | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión de lectura                   | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.2 - Expresión oral e escrita                 | X    |      | X    |      | X    | X    |      | X    |
| ET.3 - Comunicación audiovisual                 |      | X    | X    |      | X    | X    | X    | X    |
| ET.4 - Competencia dixital                      | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.5 - Emprendemento social e empresarial       |      |      | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico |      |      |      |      |      |      | X    | X    |
| ET.7 - Educación emocional e en valores         |      |      |      |      |      | X    |      | X    |
| ET.8 - Igualdade de xénero                      |      |      |      |      |      | X    | X    |      |

|  | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|--|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.9 - Creatividade  |      | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.10 - Educación para a saúde                                 |      |      |      |      |      |      |      | X    |
| ET.11 - Formación estética                                     |      | X    | X    | X    | X    | X    | X    |      |
| ET.12 - Educación para a sostibilidade e o consumo responsable | X    |      |      |      |      |      |      | X    |
| ET.13 - Respeito mutuo e cooperación entre iguais              |      |      |      |      |      | X    |      |      |

**Observacións:**

Comprensión de lectura: tarefas de clase e proxectos, nas que o alumnado terá que comprender os distintos enunciados e procurar información para investigar e resolver os problemas plantexados.

Expresión oral e escrita: resolución das tarefas de clase e elaboración de documentación. Farase maior fincapé no uso do vocabulario e a lingua técnica, tamén traballarase técnicas de comunicación de ideas.

Comunicación audiovisual: presentación de proxectos mediante creacións audiovisuais.

Competencia dixital: intrínseca aos contidos propios da materia.

Emprendemento social e empresarial: desenvolvemento de proxectos.

Espírito crítico e científico: procura de información e a investigación nas tarefas e proxectos.

Educación emocional e en valores: contidos sobre seguridade na rede e benestar dixital. O desenvolvemento de proxectos fomentará o traballo en equipo.

Igualdade de xénero: buscarase o reparto axeitado de roles no traballo colaborativo en grupos á hora de desenvolver proxectos, evitando nos proxectos os nesgos de xénero, e aplicando criterios de igualdade.

Creatividade: desenvolvemento de proxectos.

Educación para a saúde: Contidos relacionados co benestar dixital, tan importante para conservar a saúde emocional na actualidade.

Formación estética: deseño e presentación dos traballos e proxectos.

Educación para a sostibilidade e o consumo responsable: contidos sobre tecnoloxía sostenible, respecto pola propiedade intelectual na elaboración de contidos e aplicación de criterios de sostibilidade.

Respeito mutuo: contidos relacionados coa etiqueta dixital. Este respeito e a cooperación entre iguais serán fundamentais no traballo en equipo no desenvolvemento de proxectos.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade                                  | Descripción                                 | 1º<br>trim. | 2º<br>trim. | 3º<br>trim. |
|---|---|-------------|-------------|-------------|
| Saídas didácticas relacionadas coa materia. | Saídas didácticas relacionadas coa materia. |             | X           |             |

### Observacións:

Calquera actividade complementaria proposta deberá axudar a reforzar os contidos desdenvolvidos nas distintas unidades didácticas do curso.

Asemade, cada actividade contará coa aprobación e apoio do Equipo Directivo do centro.

Para cada actividade complementaria indicaranse as seguintes características:

- Obxectivos
- Profesorado responsable.
- Alumnado participante.
- Datas e lugar de celebración.
- Repercusións económicas.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro   |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico   |
| Realizouse unha avaliación inicial para coñecer o punto de partida do alumnado.  |
| A selección e temporalización de contidos foi axeitada.  |
| As actividades propostas foron variadas e axeitadas para favorecer o desenvolvemento dos contidos.   |
| As actividades complementarias cumplieron os obxectivos cos que foron propostas.   |
| Metodoloxía empregada  |
| Facilitáronse ao alumnado estratexias de aprendizaxe: lectura comprensiva, búsqueda de información crítica, redacción de documentación técnica.... |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos   |
| Os recursos e materiais utilizados foron axeitados.  |
| Os criterios de avaliación e calificación foron claros e rigurosos e permitiron un seguemento do progreso do alumnado.                             |
| Medidas de atención á diversidade  |
| As medidas de atención á diversidade foron axeitadas para atender ás necesidades de todo o alumnado.   |
| Proporcionáronse actividades e procedementos para que o alumnado fose recuperando as partes non superadas da materia.                              |

**Clima de traballo na aula**

O ambiente da clase foi axeitado e produtivo.

Proporcionouse ao alumnado información sobre o seu progreso e calificacións.

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais

Facilitouse ao alumnado e as familias o coñecemento dos criterios de avaliación e calificación de cada unidade didáctica, ao comezo da mesma.

Existiu coordinación entre os distintos profesores/as.

**Descripción:**

Farase un seguimento da relación de elementos de avaliación do proceso de ensino e a práctica docente que se indican.

Nas reunións de departamento, utilizaranse táboas de cotexo baseadas nos indicadores de logro para obter a información.

A retroalimentación co alumnado farase a través de cuestionarios na aula virtual do centro.

**8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

O seguimento da programación realizarase periodicamente nas distintas reunións de departamento, e a través do apartado de "Seguimento" da aplicación Proens.

Para cada UD comprobaranse as datas de inicio e final, a correspondencia entre sesións previstas e realizadas e o grado de cumprimento do programado para a unidade.

No caso de detectar problemas realizaranse as propostas de mellora e correccións necesarias.

Ao remate do curso realizarase unha avaliación da programación mediante unha táboa de cotexo, baseada nos indicadores de logro do apartado 8.1 desta programación.

Na última semana do curso realizarase entre o alumnado unha avaliación da actividade docente, baseada nos indicadores de logro do apartado 8.1 desta programación.

**9. Outros apartados**